


# A descrición dun animal

## 1. Le a descrición deste animal.

### O bufo

É unha ave moi grande. Ten os ollos redondos, de cor amarela, con dous feixes de plumas que parecen orellas. O seu corpo está cuberto de plumas douradas con manchas de cor gris escuro. Tamén ten dúas patas curtas acabadas en poutas moi fortes.

Vive no bosque, nos furados das árbores, e aliméntase de ratos, coellos e doutros paxaros que caza pola noite.



- Responde as preguntas sobre o animal descrito.

De que animal fala o texto?

Que é un bufo?

Como ten os ollos?

Como é o seu corpo?

Como ten as patas?

Onde vive?

Que come?

Gustaríache ter un bufo como animal de compañía? Por que?